



Reunión Ordinaria da Comisión de Traballos de Fin de Grao en Enxeñaría Química

Data: 10-11-2020

Texto da Convocatoria:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores
2. Informes e trámites
3. Aprobación, se procede, de solicitude de modificacións de propostas de TFG
4. Aprobación, se procede, de solicitudes de prórrogas de TFG
5. Aprobación, se procede, de solicitudes de novas propostas de TFG
6. Quenda aberta

Asistentes: M. Carballa, A. Franco, M.S. Freire, J. Garrido, S. González, A. Mosquera
Xustifican ausencia: H. Rodríguez

O día 10 de novembro ás 10:30 h reúnese a Comisión de Traballos de Fin de Grao do Departamento de Enxeñaría Química en modo non presencial por *MSTeams*, cos asistentes e a orde do día arriba citados.

1. Aprobación das actas das reunións anteriores

Apróbanse as actas das reunións extraordinarias dos días 13/05, 07/07 e 08/09/2020, e a acta ordinaria do día 23/06/2020, sen cambios.

2. Informes e trámites

A presidenta da comisión informa da solicitude da baixa na comisión da profesora A. H. ao ser nomeada Coordinadora de Prácticas en Empresa. Tamén informa de que as modificacións do regulamento de TFG foron enviadas á Asesoría Xurídica coa previsión de que a súa aprobación fose ao Consello de Goberno do día 23/11/2020.

A secretaria informa:

- Da aprobación, pola vía de urxencia, das solicitudes de prórroga das propostas de TFG individuais dos alumnos: M. G. e S. S. e do TFG grupal das alumnas: A. P. e I. P. Todas cumprían normativa e tiñan o acordo dos seus titores.
- Recibiuse un correo electrónico do alumno P. S. facendo a consulta sobre da posibilidade de facer un TFG grupal, aínda que teña máis de dúas materias dos tres primeiros cursos da titulación, e que ao cumprir esa condición sería o motivo polo que non podería realizalo nesa modalidade. Como non presenta documentación sobre da súa matrícula, a Comisión decide que tén que adxuntala para poder tratar a súa consulta. Así se lle dará traslado á secretaría administrativa para que llela solicite ao alumno.
- Non houbo incidencias nas defensas de TFG nas dúas convocatorias de xullo e setembro, agás que algúns alumnos presentaron o seu TFG faltándolles os créditos das Prácticas en Empresa como estaba contemplado na normativa derivada da situación do COVID-19.
- Os alumnos que defenderon e aprobaron o TFG no curso académico 2019-2020 foron 72.

3. Aprobación, se procede, de solicitudes de modificacións de propostas de TFG

Apróbanse as modificacións solicitadas nas propostas de TFG seguintes có acordo dos titores:

- Alumna: M. E. C. V. Título: Deseño da sección de refinado dunha planta de produción de alúmina. A alumna solicita o cambio de titor do seu TFG, xa que o profesor J. J. C. non o pode seguir titorizando por mor da súa xubilación, a cal non lle permite seguir ao cargo de actividades e traballos relacionados co grao. Propónse ao profesor E. R. B. como titor.
- Alumnos: E. B. A. C. e M. A. C. Título: Planta de produción de fertilizantes NPN. O alumno M. A. solicita a súa incorporación para facer o traballo na modalidade grupal, que xa tiñamos tratado en outras reunións. Na proposta está incluído o deseño individual que farán cada un deles.

4. Aprobación, se procede, de solicitudes de prórrogas de propostas de TFG

Apróbanse as prórrogas dos seguintes alumnos:

- Alumna: M. E. C. V. Título: Deseño da sección de refinado dunha planta de produción de alúmina, có acordo do seu titor, E. R. B.
- Alumno: A. F. C. Título: Producción de tert-butil éteres a partir de glicerol, có acordo do seu titor: J. M. N. D.
- Alumnos: X. P. L. e A. J. S. C. Título: Planta de produción de sulfuro de carbono, có acordo do seu titor: Ó. R. F.
- Alumna: Y. R. E. Título: Planta de cogeneración para una industria conservera, có acordo do seu titor: J. M. G. F.

Como ben sendo de aplicación, apróbanse as prórrogas para todas as convocatorias do curso académico actual, o que se lles comunicará aos alumnos.

5. Aprobación, se procede, de solicitudes de novas propostas de TFG

Revisadas as solicitudes presentadas, apróbanse as propostas de TFG seguintes:

- Alumnos: J. B. Á., A. C. G. e J. R. P. Título: Planta de produción de metil-ter butil éter. Titora: E. R.
- Alumna: L. S. M. Título: Deseño del sistema de depuración de aguas grises y negras de un buque. Titores: S. G. G. e J. Á. Ll. A. (titor externo)

6. Quenda Aberta

A secretaria comenta que a secretaria administrativa da ETSE suxire o uso dunha carpeta compartida para adxuntar a documentación a tratar nas reunións da Comisión. Todos os presentes amosan o seu acordo. Será a presidenta a encargada de creala en OneDrive, e unha vez realizado se lle comunicará en Administración.


Sen mais asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 11:05 h

En Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2020

VºBº



Asdo.: M. Sonia Freire
Secretaria da Comisión



Asdo.: Anuska Mosquera Corral
Presidente da Comisión